

MATERIA  
Transporte e Territorio

TITULACIÓN  
Grao en Enxeñaría Civil

unidade  
didáctica  
**18**

# Metodoloxías e procesos na xestión do tráfico en situacións de vialidade invernal e emerxencias

David Cota Mascuñana  
Pedro Tomás Martínez  
Ramiro Martínez Rodríguez  
Alberto Blanco Rivas  
Alberte Castro Ponte  
Constantino Castro Campos

Enxeñaría e Infraestruturas dos Transportes  
Escola Politécnica Superior

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Ensinanzas Técnicas

**DESCATALOGADO**

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2015

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico  
da Universidade de Santiago de Compostela  
[usc.es/publicacions](http://usc.es/publicacions)

ISBN

978-84-16533-21-3

DOI

<http://dx.doi.org/10.15304/9788416533213>



**MATERIA:** Enxeñaría do Transporte  
**TITULACIÓN:** Grao en Enxeñaría Civil  
**PROGRAMA XERAL DO CURSO**

**MÓDULO I: Enxeñaría do Transporte**

- Unidade 01. Introducción ao transporte
- Unidade 02. A planificación do transporte. Conceptos xerais
- Unidade 03. O transporte por estrada
- Unidade 04. O transporte ferroviario. Alta velocidade ferroviaria
- Unidade 05. O transporte aéreo
- Unidade 06. O transporte marítimo
- Unidade 07. O transporte metropolitano e mobilidade sostible. O Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) como elemento estruturador das cidades
- Unidade 08. Políticas e Estratexias europeas e españolas para a mobilidade sostible
- Unidade 09. O transporte por cable
- Unidade 10. O transporte por tubaxe
- Unidade 11. Factores estratéxicos de competitividade nas cadeas de transporte: Intermodalidade e Loxística
- Unidade 12. Xestión dos Servizos Públicos no sector do transporte
- Unidade 13. Financiamento nacional e internacional da construción e xestión de infraestruturas de transporte. As Institucións Financeiras Internacionais (IFI)
- Unidade 14. Contratos FIDIC. Unha aproximación xeral
- Unidade 15. Inglés técnico na enxeñaría do transporte

**MÓDULO II: OS SISTEMAS INTELIXENTES DE TRANSPORTE (SIT OU ITS) APLICADOS Á XESTIÓN DO TRÁFICO POR ESTRADA**

- Unidade 16. Novas tecnoloxías e sistemas aplicados á xestión do tráfico
- Unidade 17. A toma de datos na planificación do transporte: Estudos de tráfico e análise da demanda
- Unidade 18. Metodoloxías e procesos na xestión do tráfico en situacións de vialidade invernal e emerxencias
- Unidade 19. Sistemas tecnolóxicos para a detección de infraccións e cumprimento da normativa de tráfico



## ÍNDICE

---

### PRESENTACIÓN

### OS OBXECTIVOS

### OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

### ACTIVIDADES PROPOSTAS

### OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Vialidade invernal
  - 1.1. Introducción: Fenómenos meteorolóxicos
    - 1.1.1. Néboa
    - 1.1.2. Choiva
    - 1.1.3. Choiva xeadada
    - 1.1.4. Neve
    - 1.1.5. Sarabia
    - 1.1.6. Microrráfagas
  - 1.2. Técnicas empregadas para combater os efectos da neve e o xeo
    - 1.2.1. Campañas de Vialidade Invernal
    - 1.2.2. Técnicas de actuación
  - 1.3. Plan de actuacións de Xestión do Tráfico en caso de nevadas
    - 1.3.1. Definición dos niveis de circulación
    - 1.3.2. Medidas de actuación
  - 1.4. Medios de previsión e alerta dos fenómenos meteorolóxicos
    - 1.4.1. Información da Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET)
    - 1.4.2. Estacións meteorolóxicas da DXT
2. Introducción á xestión do risco no ámbito da xestión do tráfico
3. A xestión de riscos e o sistema de transporte por estrada
4. Clasificación e descrición dos riscos principais na xestión do tráfico en España
  - 4.1. Riscos naturais
  - 4.2. Riscos producidos polo home
5. O contexto estratéxico e o papel da DXT
6. Clasificación de emerxencias na estrada



7. Plans de xestión do tráfico para emerxencias
  - 7.1. Identificación de escenarios estratéxicos
  - 7.2. Medidas operativas de xestión do tráfico en emerxencias
  - 7.3. Metodoloxía de elaboración de Plans de Xestión do Tráfico en situacións de emerxencia

#### **AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA**

#### **BIBLIOGRAFÍA**



## PRESENTACIÓN

---

Esta Unidade didáctica forma parte da programación da materia optativa “Transporte e Territorio”, do terceiro curso do Grao en Enxeñaría Civil.

A programación docente da materia divídese en dous grandes módulos. O primeiro módulo, *Enxeñaría do transporte* (16 unidades didácticas) dedícase a presentar os aspectos fundamentais relacionados con cada un dos diferentes modos de transportes e aspectos vinculados cos modos de financiamento e explotación dos mesmos.

Os temas do primeiro módulo son os seguintes:

- **Unidade 01. Introducción ao transporte:** nesta unidade realízase unha primeira aproximación a que é o transporte e a súa importancia en termos económicos e sociais.
- **Unidade 02. A planificación do transporte. Conceptos xerais:** nesta unidade indícase a importancia do proceso de planificación no transporte e preséntase algunha metodoloxía xenérica de planificación.
- **Unidade 03. O transporte por estrada:** nesta unidade abórdanse aspectos básicos e avanzados sobre o vehículo, a infraestrutura, lexislación, modelos de xestión e importancia en España e no mundo deste modo de transporte
- **Unidade 04. O transporte ferroviario. Alta velocidade ferroviaria:** Alta velocidade ferroviaria: nesta unidade abórdanse aspectos básicos e avanzados sobre o vehículo, a infraestrutura, lexislación, modelos de xestión e importancia en España e no mundo deste modo de transporte.
- **Unidade 05. O transporte aéreo:** nesta unidade abórdanse aspectos básicos e avanzados sobre o vehículo, a infraestrutura, lexislación, modelos de xestión e importancia en España e no mundo deste modo de transporte.
- **Unidade 06. O transporte marítimo:** nesta unidade abórdanse aspectos básicos e avanzados sobre o vehículo, a infraestrutura, lexislación, modelos de xestión e importancia en España e no mundo deste modo de transporte.
- **Unidade 07. O transporte metropolitano e mobilidade sostible: O Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) como elemento estruturador das cidades:** nesta unidade abórdanse as particularidades do transporte metropolitano e urbano, a tipoloxía e clasificación de vehículos e infraestruturas e os modelos de xestión do transporte. Asimemso, tamén se presenta a ferramenta PMUS como aproximación metodolóxica para a solución de problemas de mobilidade e seguridade viaria en contornas urbanas. Finalmente, amósase a importancia desta ferramenta co obxectivo de crear e estruturar cidades.
- **Unidade 08. Políticas e Estratexias europeas e españolas para a mobilidade sostible:** nesta unidade preséntase as diversas iniciativas que existen a nivel europeo e que promoven a mobilidade sostible, ecomobilidade e aspectos de vital importancia como son a seguridade viaria.
- **Unidade 09. O transporte por cable:** nesta unidade abórdanse aspectos básicos e avanzados sobre o vehículo, a infraestrutura, lexislación, modelos de xestión e importancia en España e no mundo deste modo de transporte.



- **Unidade 10. O transporte por tubaxe:** nesta unidade abórdanse aspectos básicos e avanzados sobre a infraestrutura, lexislación, modelos de xestión e importancia en España e no mundo deste modo de transporte.
- **Unidade 11. Factores estratéxicos de competitividade nas cadeas de transporte: Intermodalidade e Loxística:** nesta unidade estúdanse os principais factores estratéxicos chave para acadar un alto índice de satisfacción dos clientes e competitividade nas cadeas de transporte, como son a intermodalidade e a loxística.
- **Unidade 12. Xestión dos servizos públicos no sector do transporte:** nesta unidade explícanse as diferentes modalidades que existen en España para xestionar os Servizos Públicos de Transporte.
- **Unidade 13. Financiamento nacional e internacional da construción e xestión de infraestruturas de transporte. As Institucións Financeiras Internacionais (IFI):** esta unidade, de vital importancia, aborda as diferentes fontes e mecanismos de financiamento de infraestruturas e servizos de transporte. Tamén se explican qué son as Institucións Financeiras Internacionais (IFI) e cal é o seu rol no financiamento de infraestruturas e servizos de transporte.
- **Unidade 14. Contratos FIDIC. Unha aproximación xeral:** nesta unidade preséntanse e defínense qué son os contratos rexidos polas regras FIDIC, xa que se converteron no modelo de contrato de construción máis utilizado a nivel internacional en contornas e países de baixa seguridade xurídica, política e económica.
- **Unidade 15. Inglés técnico na enxeñaría do transporte:** nesta Unidade preséntase vocabulario técnico de interese vinculado ao sector das infraestruturas do transporte e a súa xestión.

No segundo dos módulos abórdanse interesantes aspectos das novas tecnoloxías aplicadas á xestión do transporte denominadas Sistemas Intelixentes do Transporte (SIT) ou Intelligent Transport Systems (ITS) en inglés.

- **Unidade 16. Novas tecnoloxías e sistemas aplicados á xestión do tráfico:** nesta unidade didáctica estúdanse os sistemas tecnolóxicos que existen actualmente para supervisar e xestionar-lo tráfico..
- **Unidade 17. A toma de datos na planificación do transporte: Estudos de tráfico e análise da demanda:** nesta unidade estúdanse as tecnoloxías que existen actualmente para a toma de datos vinculados cos estudos de tráfico, así como a información que soe formar parte deles.
- **Unidade 18. Metodoloxías e procesos na xestión do tráfico en situacións de vialidade invernal e emerxencias:** nesta unidade estúdanse os principios básicos de situacións de emerxencia e o modelo de xestión de situacións de emerxencia aplicado á xestión do tráfico promovido polas Administracións competentes nesta materia.
- **Unidade 19. Sistemas tecnolóxicos para a detección de infraccións e cumprimento da normativa de tráfico:** nesta unidade estúdanse as tecnoloxías existentes no ámbito do enforcement ou, como facer aplicable o cumprimento dunha lei ou norma a través de tecnoloxías con capacidade sancionadora segundo a lexislación actual.



A presente Unidade didáctica impártese en 2 h de case expositiva de xeito presencial.

Ademais dos alumnos do terceiro curso do Grao en Enxeñaría Civil, os contidos presentados poden ser de interese para outros docentes ou profesionais do sector que desenvolvan a súa actividade no ámbito da explotación e do deseño destas tipoloxías de infraestruturas do transporte.

### **OS OBXECTIVOS**

---

- Importancia da vialidade invernal como emerxencia na xestión do tráfico
  - o ¿Que fenómenos meteorolóxicos se asocian á vialidade invernal?
  - o ¿Que técnicas se empregan para combater os efectos da vialidade invernal?
  - o ¿Que son e como funcionan os Plans de xestión de Tráfico en vialidade invernal?
  - o ¿Como difunde a información aos condutores e resto de cidadáns?
- As situacións de emerxencia xenéricas na xestión do tráfico
- ¿Cal é o contexto e o papel estratéxico da DGT en España?
- ¿Como se clasifican os riscos no transporte por estrada e cales son as tipoloxías destes?
- ¿Que son e como funcionan os Plans de xestión de Tráfico en emerxencias?

### **OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS**

---

- Os principios teóricos e os contidos fundamentais expóranse nas clases expositivas. Para iso, o profesor empregará os medios audiovisuais da aula para a realización de presentacións.
- O alumno elaborará ao finalizar cada sesión presencial un resumo dos contidos traballados, no que se recollan as súas reflexións sobre a temática abordada.

### **ACTIVIDADES PROPOSTAS**

---

Como ampliación e aplicación dos contidos teóricos traballados nas sesións expositivas, propónse a suposición de un caso de emerxencia por meteoroloxía, accidente ou similar e organizar un protocolo de actuación en base a mesma.





## OS CONTIDOS BÁSICOS

---

### 1. Vialidade invernal

Calquera dos fenómenos meteorolóxicos ten influencia directa na seguridade dos desprazamentos e a capacidade das infraestruturas viarias. Neste senso, o inverno é a época do ano que soe ser máis problemática. A xestión orientada á realización das operacións precisas para manter a estrada en boas condicións de circulación cando as condicións climatolóxicas son adversas denomínase vialidade invernal.

#### 1.1. Introducción: Fenómenos meteorolóxicos

##### 1.1.1. Néboa

Os tres tipos de néboas que existen poden afectar á vialidade invernal: néboa de irradiación, de advección e orográfica.

A **néboa de irradiación** en realidade é a formación de nubes próxima ao chan. Este tipo de néboa é a máis común e chámase así porque é consecuencia do arrefriamento do chan por irradiación. Sucede pola noite ou primeiras horas da mañá, cando a calor absorbida pola superficie da terra durante o día irradia de novo á atmosfera, arrefriándose a superficie. Ao arrefriarse, provoca condensación nas capas inmediatamente superiores ao nivel do chan. Se só existe unha delgada capa de aire húmido, a auga sobrante transfórmase en orballo. Se a capa é máis grossa, haberá posibilidades de formación de néboa. Por iso é posible que exista orballo sen néboa, pero non é posible que haxa néboa sen orballo. A néboa normalmente disípase coas primeiras horas de sol pero, se algunha nube media se sitúa por enriba da néboa, é posible que a néboa de irradiación se manteña todo o día.

A **néboa de advección** a miúdo ten o mesmo aspecto que a néboa de irradiación pero no seu caso a condensación non a causa a diminución da temperatura local senón o movemento do aire a zonas máis frías. Por iso esta néboa distínguese visualmente da anterior porque ten un movemento horizontal. Son néboas de advección as que se forman nas proximidades da costa e nos vales.

Por último as **néboas orográficas** prodúcense porque se obriga ao aire húmido a subir pola ladeira dunha montaña ata alcanzar o nivel de condensación.



Figura 1.1: Néboa en estrada



### 1.1.2. Choiva

A choiva defínese como unha precipitación que alcanza o chan en forma líquida. A precipitación prodúcese cando parte dos millóns de gotículas de auga ou cristais de xeo que forman unha nube e crecen o suficiente para caer sobre a Terra por efecto da gravidade. Ás veces, as gotículas de auga ou cristais de xeo que caen evapóranse polo camiño. Isto crea un efecto visual en forma de cortina que colga da base da nube e ocorre cando hai unha grosa capa de aire seco ou unha máis fina de aire extremadamente seco por debaixo da nube.

A choiva que si chega ao chan pode clasificarse de diferentes maneiras e de cara á xestión da mobilidade segura ten importantes repercusións. A precipitación con pingas de menos de 0,065 mm de diámetro que caen preto unhas doutras defínese como orballo, que á vez se pode definir como débil, moderado ou forte dependendo da visibilidade. As pingas máis grandes, ou as pingas máis pequenas pero máis separadas, considéranse choiva.

Aínda que este sistema é preciso, é difícil para un simple observador poder usalo. Así que existe unha distinción máis simple e práctica que define a precipitación atendendo ao tipo de nube que a produce. Segundo este sistema, a precipitación líquida clasifícase como choiva ou chuvasco. Considérase choiva as precipitacións de nubes estratiformes. Estas nubes cobren unha ampla área, de modo que a choiva destas nubes adoita abarcar grandes zonas e ter unha longa duración. Os chuvascos pola súa banda, son as precipitacións das nubes cumuliformes. Estas precipitacións adoitan estar localizadas e ás veces só duran uns minutos. Con todo, algúns chuvascos poden ser fortes, especialmente cando acompañan ás tormentas. Os intervalos secos entre chuvascos normalmente duran moito máis que os propios chuvascos.



Non obstante, se hai moitas nubes, poden producirse numerosos chuvascos con intervalos de separación moi curtos.

As perigosas balsas de auga, que é onde adoita producirse o aquaplaning, pódense deber tanto á choiva de nubes estratiformes como aos chuvascos das nubes cumuliformes. O uso de asfalto drenante adoita evitar as balsas de auga das nubes estratiformes pero non garante nada contra os efectos das nubes cumuliformes.

**Figura 1.2: Choiva na estrada**



### 1.1.3. Choiva xeadada

Non é moi típico nas latitudes españolas. No inverno, cando as temperaturas no nivel das nubes son negativas, as pingas de auga que caen das nubes están sobrearrefriadas. Isto fai que, con moita probabilidade, se conxelen cando cheguen a unha capa de aire máis fría ou a unha superficie que estea baixo cero. A precipitación que se conxela de calquera destas dúas maneiras chámase choiva xeadada. Non debe confundirse a choiva xeadada coa auga neve ou o corisco, que dan nome ao proceso oposto, é dicir, a precipitación de neve parcialmente fundida.

A efectos da mobilidade segura, o problema das grandes pingas sobrearrefriadas é que cando chegan a un chan que estea a temperatura baixo cero, tenden a estenderse no momento do impacto antes de conxelarse, recubriendo a superficie cunha capa de xeo transparente perigosísimo. Se as pingas sobrearrefriadas non son tan grandes, tenden a conxelarse no momento do impacto, capturando burbullas de aire creando unha capa de xeo opaca e granulada menos perigosa para o tráfico porque é visible e rugosa.

### 1.1.4. Neve

A neve empeza en forma de cristais de xeo que forman unha nube cando o vapor de auga se conxela ao redor de diminutas partículas sólidas nos niveis medios



e altos onde as temperaturas son inferiores a 0°C. Os cristais de xeo vanse unindo uns a outros e forman as folerpas de neve. Cando estas folerpas de neve teñen suficiente peso para contrarrestar calquera corrente ascendente, caen ao chan.

A miúdo, a neve que cae se derrete no descenso e leva forma de choiva. Non obstante, para derreterse extrae calor latente do aire, facendo que a temperatura do aire baixe e aumente a probabilidade de que nevadas posteriores alcancen o chan.

**Figura 1.3: Neve na estrada**



Resulta curioso que as condicións ideais para unha grande nevada sexan temperaturas en torno ao momento de conxelación, pero non máis frías. Isto débese a que, cando menos fría está a neve, máis humidade contén e máis grandes poden ser as folerpas. Ademais, unha temperatura próxima a 0°C permite que a neve se funda, se volva conxelar e se recompoña en folerpas máis grandes. O resultado é que a diferenza entre neve e choiva depende só de cambios mínimos de temperatura, o que fai difícil a previsión. Doutra banda, a famosa neve po que tanto gusta aos esquiadores provén de nevadas con temperaturas moi por baixo de 0°C que xera esas pequenas folerpas.

A efectos de mobilidade segura son moito máis perigosas as xistras, chuvias fortes con vento, xa que producen baixa visibilidade e que se dan por unha combinación de intensas nevadas, baixas temperaturas e ventos fortes.

#### 1.1.5. Sarabia

A sarabia fórmase cando as gotículas de auga sobrearrefriadas non acaban na súa primeira viaxe no chan senón que volven subir debido ás correntes ascendentes. Estas correntes ascendentes danse polo xeral nun cumulonimbo, a nube de tormenta, no que ao pasar a través de área de diferentes temperatura e grao de humidade, acumúlanse nelas distintos tipos de xeo.



Nas zonas onde a temperatura está xusto por baixo do punto de conxelación e hai moitas gotículas de auga sobreenfriada, fórmanse capas de xeo transparente. Nas partes máis frías da nube, onde son menos e máis pequenas as gotículas de auga, a conxelación é tan rápida que quedan atrapadas burbullas de aire e fórmase xeo opaco. A esta formación de capas engádese que o xeo se derrete e conxela sucesivamente segundo cambia a temperatura do aire.

**Figura 1.4: Sarabia na estrada**



Polo xeral, as pedras de sarabia son do tamaño aproximado dun chícharo, aínda que ás veces, se o cumulonimbo é moi potente, chegan ao tamaño dunha pelota de golf e mesmo dunha laranxa. O tamaño e número de capas depende do tempo que permanece no interior da tormenta habéndose rexistrado pedras de sarabia de ata 25 capas.

A sarabia finalmente cae da nube cando adquire demasiado peso para que as correntes ascendentes o manteñan no aire, se estas se debilitan, ou se é lanzado fóra da zona na que actúan.

#### 1.1.6. Microrráfagas

O vento en xeral non é bo compañeiro de viaxe, dificulta a condución e obriga a unha actitude proactiva do condutor, ocasionando maior fatiga da necesaria. Ademais, un vento forte sostido obriga a extremar as precaucións porque se este é lateral, obriga ao condutor a corrixir a traxectoria e, se este vento se detén momentaneamente pola aparición dun obstáculo que se interpón (edificio, camión ao que se adianta,...), e o condutor non está atento e move o volante, pode modificar a súa traxectoria.



Por outra banda, unha microrráfaga é un breve refacho de vento forte que parece irradiar dun punto central do chan. Prodúcea unha violenta corrente de aire descendente que se forma na parte central dun cúmulo ordinario ou dun cumulonimbo.

Hai dous tipos diferentes de microrráfagas: secas e de choiva. As secas prodúcense en condicións de ausencia de humidade, cando unha columna de aire cae nunha capa de aire seco por baixo da nube, e inmediatamente empeza a evaporarse. Como a evaporación provoca un arrefriado, acelérase o movemento descendente da columna de aire, o que crea un forte refacho de vento descendente da columna de aire que, ao alcanzar o chan, esténdese en todas as direccións. A microrráfaga húmida xérase de xeito equivalente á seca pero, neste caso, a choiva chega ao chan

**Figura 1.5: Vento na estrada**



## **1.2. Técnicas empregadas para combater os efectos da neve e o xeo**

### **1.2.1. Campañas de Vialidade Invernal**

A organización das campañas de vialidade invernal varía dunha zona a outra dependendo de diversos factores como son: o titular da vía, orzamento, medios dispoñibles, número de centros de operacións, persoal, etc. Non obstante pódense establecer uns criterios xerais que permiten definir as funcións que se realizan, variando na intensidade destas, así como o “cando” e “como” hai que levarlas a cabo.

As devanditas funcións aplicables a calquera organización, pódense clasificar do seguinte modo:

#### **a) Actuacións preventivas e/ou encamiñadas á preparación da temporada invernal:**

Moitos problemas de vialidade invernal pódense reducir, ou mesmo eliminar, se se teñen en conta ao redactarse o proxecto de construción ou mellora da estrada. Por exemplo: tratando de evitar zonas de sombra así como a orientación de ladeiras ao norte e os noiros nos desmontes que poidan producir rachas de vento, procurando que a calzada estea o máis





soleada posible, que exista unha boa drenaxe superficial e subterránea, que exista unha sinalización e balizamento adecuados, que se habiliten aparcadoiros de emerxencia e zonas para a colocación e retirada de cadeas, etc.

Outras actuacións previas de grande importancia son:

- Eliminar as árbores próximas á estrada que produzan sombra, xa que se pode formar xeo por baixa insolación.
- Evitar as vías ou cursos de auga que poidan discorrer pola calzada, canalizándoas e conducíndoas ás drenaxes e ás obras de fábrica para o seu desaugadoiro transversal.
- Evitar a formación de acumulacións de auga sobre a calzada.
- Eliminar sempre que sexa posible, os obstáculos que existan nas marxes da estrada, xa que poden producir acumulacións de neve.

As tarefas de mantemento invernal deben comezar moito antes que o inicio da tempada de neves e ten por obxecto asegurar que os medios adscritos ao Centro de Operacións estean en perfectas condicións de funcionamento ao comezo do período invernal. A actividade máis importante é a referente á revisión, entretemento e reparación da maquinaria que vai a someterse a grandes esforzos mecánicos a moi baixas temperaturas, así como exposta a riscos de corrosión por efecto de fundentes.

**b) Funcións que se deben realizar durante a tempada invernal:**

- Vixilancia : Previsión e alerta.
- Realización de tratamentos preventivos e curativos.
- Limpeza e eliminación da neve.
- Información ao usuario.
- Conservación, mantemento e reparación, no seu caso, das instalacións, maquinaria e equipamentos auxiliares.

### 1.2.2. Técnicas de actuación

O método tradicional de control contra a neve e xeo de esperar a que a neve caia e, a continuación, enviar os camións de sal ou area e quitaneves para limpar as estradas é completamente ineficaz polas seguintes razóns:

- É máis difícil limpar a neve e xeo unha vez que se adheriron ao pavimento que evitar que dita adhesión se produza inicialmente.
- Frecuentemente, prodúcese unha demora entre o momento de comezar unha xistra e o momento en que os equipos de conservación poden responder.
- Os equipos de conservación non dispoñen de suficiente información acerca da intensidade da xistra, provocando que traten a calzada con demasiado ou con insuficiente fundente.

O tratamento preventivo é a mellor estratexia na vialidade invernal para evitar unha forte unión entre neve compactada e/ou xeo e o pavimento por medio da aplicación dun produto químico antes de que poida formarse xeo. Isto non soamente nos leva



a unhas condicións de circulación máis seguras, senón que tamén aforra tempo e diñeiro ao simplificar os paseos seguintes das máquinas quitaneves.

**Figura 1.6: Tratamento preventivo**



As vantaxes dos traballos preventivos, cando son realizados axeitadamente, son as seguintes:

- Menor gasto de man de obra e utilización de produtos químicos.
- Traballos máis sinxelos e rápidos coas máquinas quitaneves, cando posteriormente estas son necesarias.
- Impactos ambientais máis reducidos debido á menor cantidade de aplicacións químicas.
- Mellor nivel de servizo de circulación

En canto ao mantemento invernal propiamente dito, debe terse en conta que un dos aspectos fundamentais para a eficacia e actuar a tempo, o que actualmente pode conseguirse mediante o coñecemento das previsións meteorolóxicas con suficiente antelación, de forma que se poida ter a información sobre o tipo de incidencia que se vai presentar e así decidir as operacións de mantemento invernal se debe levar a cabo. Así mesmo, en tempo presente, a información recibida das espiras de tráfico, as estacións meteorolóxicas e as cámaras de televisión resultan de vital importancia para a anticipación e garantías do Nivel de Servizo de circulación na vía, para a sucesiva adopción de medidas de control, regulación do tráfico e mobilidade, e mesmo, finalmente para a previsión e anticipación a situacións de alto risco ou accidentes de tráfico.





Pero a ferramenta última e máis eficaz é a información a pé de estrada dos operarios de conservación, que serve para confirmar a veracidade dos datos achegados polas estacións meteorolóxicas e a precisión da previsión meteorolóxica.

### 1.2.2.1. *Limpeza da neve*

Na loita contra a neve poden seguirse tres sistemas:

- **Tratamento en negro con quitaneves:** Consiste en conseguir que a neve non permaneza na calzada, retirándoa cando empece a caer. Este sistema emprégase na rede de estradas máis importante do país.
- **Tratamento en negro con fundentes:** Consiste en conseguir que a neve non permaneza na calzada, espallando previamente á nevada, fundentes de maneira que os primeiros copos caídos sexan contrarrestados polo fundente existente na calzada. Este sistema emprégase na rede de estradas máis importante do país e é posible a condición de que a nevada non veña precedida de episodios de choivas que eliminaría todo tratamento preventivo aplicado previamente. Á hora da retirada da neve é necesario que exista un certo espesor de neve na calzada antes de tratala mediante follas quitaneves, xa que de non ser así, a fricción producida danaría tanto o firme como as follas quitaneves
- **Tratamento en branco:** En vías de menor intensidade de tráfico, admítase que exista unha capa de neve transitible sobre a calzada. Neste caso, para poder circular é preciso que os vehículos vaian equipados con cadeas, pneumáticos especiais para a neve ou con cravos.

**Figura 1.7: Limpeza de neve**



É necesario e de grande importancia para a correcta e efectiva xestión dun episodio de nevadas actuar de xeito preventivo estendendo fundentes, de modo que cando caia a neve sobre a calzada non se adhira e sexa máis doada a súa retirada. Unha



vez comezou a nevar, a loita contra a neve está baseada en tratamentos curativos. Non obstante, as máquinas quitaneves non limpan totalmente esa neve precipitada na superficie da calzada e mesmo compactada nas zonas do carril con rodeiras polo paso dos vehículos, quedando unha capa de pequeno espesor que é preciso eliminar mediante o emprego de fundentes.

### 1.2.2.2. Eliminación do xeo

O xeo non só é un fenómeno que incide dun modo moi negativo na seguridade viaria, senón que tamén inflúe na deterioración dos firmes e pavimentos polos procesos de xeo-desxeo que se producen nestes. Para loitar contra o xeo tense que actuar preventivamente mediante o estendido de fundentes, tratando de que non se forme sobre a calzada, e curativamente, se se formou, tratando de eliminalo con dosificacións de fundente máis significativas que nas actuacións preventivas.

Un tratamento preventivo contra o xeo require que os responsables de vialidade invernal controlen moi de preto a información recollida sobre as condicións climáticas e do pavimento. Cando as devanditas condicións indican que pronto se formará xeo na calzada, os equipos de conservación han de saír a estender fundentes sobre esta, o que evitará a unión entre o pavimento e o xeo, así cando empece a caer a choiva xeadada ou neve, o pavimento xa está cuberto de materiais que evitarán a formación de xeo e que a neve compactada se adhira á superficie.

A realización dos tratamentos curativos con fundentes esixirá unha axeitada vixilancia da estrada para poder detectar cando e onde se produce xeo e actuar rapidamente. Polo tanto é necesario dispoñer de medios de previsión e alerta.

### 1.2.2.3. Maquinaria

As máquinas normalmente utilizadas no mantemento invernal das estradas poden clasificarse do modo seguinte:

#### a) **Dinámicas:** Turbinas, fresas e turbofresas:

- Empréganse en estradas de alta montaña para espesores de neve que cobren totalmente a estrada (máis de 1m)
- As turbinas traballan penetrando na neve por presión, o que esixe maior potencia do vehículo tractor. En xeral son adecuadas para neve branda. Estas máquinas avanza lentamente e lanzan a neve fóra da plataforma da estrada, a distancias comprendidas entre os 15 e 50 metros, regulables segundo necesidades.
- As fresas atacan á neve absorbéndoa en sentido lonxitudinal e desprazándoa lateralmente debido á disposición das tobeiras, o que provoca unhas notables perdas de rendemento. É a maquinaria máis axeitada para neve dura. Lanzan a neve a unha distancia inferior á das turbinas.
- As turbofresas son unha combinación dos dous tipos anteriores. O seu deseño é máis racional para traballar con calquera tipo de neve, xa



que aproveita as vantaxes da fresa para atacar a fronte e da turbina de lanzamento.

- b) **De empuxe:** Follas, planas ou curvas, de ángulo fixo ou variable, adaptadas ao equipo tractor, normalmente un camión de potencia superior aos 170CV. As follas planas, acoplables a un vehículo, son láminas planas de ataque frontal, as follas curvas son láminas en forma curva que poden inclinarse a dereita ou esquerda. As cuñas poden ser de ángulo fixo ou variable. As principais vantaxes das cuñas son que poden lanzar neve fóra dos bordos da estrada, poden traballar con espesores de neve de ata 1,50m, o seu emprego é simple e resisten ben os pequenos bloques.

Sobre as máquinas quitaneves de empuxe móntanse equipos de estendido de fundentes. Así, o conxunto camión-espallador-folla quitaneves conforma o equipo máis habitual que podemos ver nas distintas redes de estradas.

**b.1. Camións:** Adoitan ser camións ríxidos do tipo dumper (ou de obra) de dúas ou tres eixos, e con tracción 4x4, 6x4 ou 6x6. É importante que o camión teña suficiente potencia para ser capaz de manexarse con soltura cando vai totalmente cargado de fundente e coa folla quitaneves implementada.

**Figura 1.8: Folla quitaneves en camión**



**b.2. Espallador de fundentes:** Os espalladores de fundentes móntanse sobre a parte traseira do camión e pódense clasificar, segundo o tipo de fundente que levan:

- **Fundente líquido:** adoitan ser salmoiras de cloruro sódico ou de cloruro cálcico. Son uns depósitos de fibra cunha capacidade de entre 6 e 16 m<sup>3</sup>. O espaxado realízase mediante un sistema de electroválvulas e unha rampla de regado que abarca un ancho de entre 3 e

16 m. Pulveriza a presión o fundente líquido sobre a estrada e o seu accionamento pode ser mediante un motor auxiliar ou mediante un sistema de toma de forza a través dun circuíto hidráulico.

**Figura 1.9: Mecanismo espallador de fundente líquido**



- **Fundente sólido:** Trátase dunhas moegas metálicas que na súa parte inferior ten un mecanismo de arrastre (cinta de goma, parafuso infinidade ou cadea metálica) de fundente cara ao disco de espaxado, que é o que reparte o fundente sobre a calzada. Todos os equipos de espaxado de fundentes sólidos teñen nos laterais uns pequenos depósitos para fundente líquido que se mestura no disco para humidificar o fundente sólido. Deste xeito conséguese dotar de maior peso ás partículas de fundente sólido e diminuír o rexeitamento ao entrar en contacto coa calzada. O accionamento do disco de espaxado pode ser mediante un motor auxiliar, mediante un sistema de toma de forza a través dun circuíto hidráulico ou mecánico a través dunha roda de apoio que transmite a rotación ao disco.

Figura 1.10: Mecanismo espallador de fundente sólido



**b.3. Combis:** é unha combinación dos dous sistemas anteriores que fai do conxunto un equipo totalmente versátil.

Figura 1.11: Combi equipado con fundente líquido e sólido



- c) **Máquinas auxiliares:** Motoniveladoras, pas cargadoras e tractores con follas de empuxe. Dentro do grupo de máquinas auxiliares englábanse aquelas que, non estando especificamente deseñadas para realizar traballos de mantemento invernal, polas súas características poden levar a cabo este tipo de tarefas como complemento das máquinas específicas. Trátase en xeral de máquinas de obras públicas e tractores.



#### 1.2.2.4. Fundentes

Os fundentes son produtos, naturais ou non que teñen a propiedade de impedir que se forme xeo, baixando o punto de conxelación da auga a temperaturas inferiores a 0°C, ou de fundilo no caso de que se tivese formado. Precisamente debido a esta propiedade, os fundentes químicos son susceptibles de emprego tanto en tratamentos preventivos como curativos contra a neve e o xeo.

**Figura 1.12: Lanzamento de fundente na estrada**



Os produtos que ata a data foron utilizados como fundentes no mantemento invernal das estradas, son os seguintes: Cloruro de Sodio, Cloruro de Calcio, Cloruro de Magnesio, Urea, Alcohois e Glicois e Acetato de calcio magnésico (C.M.A).

É importante destacar o efecto negativo dos fundentes sobre as obras de fábrica e formigón. Os fundentes empeoran a conservación dos elementos estruturais debido á corrosión das armaduras do formigón.

Os sales empregados, unha vez fundido o xeo, quedan disoltos na auga, contaminando as augas superficiais e subterráneas. As investigacións demostraron que aínda que se produce certa contaminación, a concentración de sal adoita estar moi por debaixo dos límites permitidos nos países da Unión Europea. A tendencia é tratar de reducir o consumo de fundentes, pero sen esquecer que son imprescindibles para a seguridade dos usuarios de estradas durante o período invernal.

Os fundentes máis empregados hoxe en día son o cloruro sódico e en menor medida o cloruro cálcico. O cloruro sódico (ou sal común) é o fundente por excelencia pola súa eficacia e baixo custo, e é efectivo para combater a formación de xeo ata temperaturas de 7°C. A partir desta temperatura recoméndase engadir como fundente o cloruro cálcico. No proceso de fusión do xeo ou a neve, o cloruro



sódico produce unha reacción endotérmica (absorbe calor da contorna), mentres que o cloruro cálcico produce unha reacción exotérmica (desprende calor no proceso de fusión).

Tomando como exemplo os fundentes máis empregados poderíamos poñer estes exemplos de tratamentos:

Cando a previsión de temperaturas próxima aos 3°C, e decrecendo, efectúase un tratamento preventivo con fundente sólido, líquido ou combinación de ambos en función de:

- Humidade relativa do aire
- Grao de humidade da calzada
- Previsión meteorolóxica a 6h vista

A dosificación oscilará entre os 5 e os 15 gramos/m<sup>2</sup> de sal en pista (ben sexa en forma sólida ou diluída en forma de salmoira).

As dosificacións empregadas móstranse no cadro seguinte:

**Táboa 1.1: Táboa de dosificación de fundentes**

ESTADO DA CALZADA		FUNDENTE	DOTACIÓNS (gr/m <sup>2</sup> )
CALZADA SECA	Humidade relativa do aire <75%	Salmoira ClNa + ClNa Sólido	5-10
	Humidade relativa do aire >75%	Salmoira ClNa + ClNa Sólido (> 50%)	5-10
CALZADA LIXEIRAMENTE HÚMIDA		Salmoira ClNa (<25%) + ClNa Sólido (> 75%)	5-12
CALZADA MOI HÚMIDA		Salmoira ClNa (<15%) + ClNa Sólido (> 85%)	8-15

**Tratamentos curativos**

Con sarabia ou xeo os tratamentos realízanse utilizando dotacións maiores de 10 gr/m<sup>2</sup>. En función da intensidade da precipitación.

Os cadros seguintes resumo a dotación para empregar en función do espesor da capa, ou do tipo de neve.



a) Tratamentos curativos contra xeo-sarabia

**Táboa 1.2: Táboa de tratamentos curativos contra xeo-sarabia**

TEMPERATURA (T°C)	FUNDENTE	DOTACIÓNS (gr/m <sup>2</sup> )	
		Espesor < 2cm	Espesor > 2cm
> -5°C	Salmoira ClNa (20%) + ClNa Sólido (80%)	10-20	20-30

b) Tratamentos curativos contra neve

**Táboa 1.3: Táboa de tratamentos curativos contra neve**

NEVE	TEMPERATURA (T°C)	FUNDENTE	DOTACIÓNS (gr/m <sup>2</sup> )	
			Espesor (e)	
			e<2cm	e>2cm
EN FUSIÓN	> -5°C	Salmoira ClNa (20%) + ClNa Sólido (80%)	15-25	25-40
SECA OU APELMAZADA	> -5°C	Salmoira ClNa (20%) + ClNa Sólido (80%)	15-25	25-40

En caso de utilizar Cloruro Cálcico mesturaríase co sal nunha porcentaxe do 5%.

*1.2.2.5. Provisión e fabricación de fundentes*

Tan importante como unha boa planificación dun episodio invernal adverso e o correcto mantemento da maquinaria, é o dimensionamento e mantemento das instalacións de provisión de fundentes.

Para fundentes sólido existen varias posibilidades de almacenamento.

- Silos verticais: Oscilan entre as 40 e as 100 Tn de capacidade. Adóitanse empregar para sal de mina, xa que debido á alta humidade do sal mariño





pode provocar o seu apelmazamento. Os camións cárganse na vertical do silo sen necesidade de medios auxiliares.

- Almacéns cubertos: válidos para todo tipo de sal, para a súa xestión necesitanse medios auxiliares de carga (cintas transportadoras, pas cargadoras...).
- En sacos ou big bags: envasada polos provedores en envases desde 25 kg ata o 1.200 kg. Depéndese de medios auxiliares para a súa carga.

Os fundentes líquidos almacénanse en silos verticais de 20 a 40 m<sup>3</sup> tras a súa elaboración. Para iso precísase dunha planta de fabricación de salmoira, que consiste en mesturar auga con sal normalmente a saturación (23,5% de sal) para a súa posterior almacenaxe. Estas plantas teñen unha produción de ata 6 m<sup>3</sup>/hora, podendo montar máis dunha para ter unha maior produción.

Ante un episodio de vialidade invernal é fundamental ter as provisións en bo estado e con cantidade de fundente necesaria para afrontar con garantías o episodio, xa que en situacións de nevadas o abastecemento de fundentes complícase xa que se realiza por estrada.

### 1.3. Plan de actuacións de Xestión do Tráfico en caso de nevadas

É preciso preparar con antelación suficiente un conxunto de actuacións eficaces e coherentes que, baixo a denominación xenérica de «Plan de actuacións fronte a nevadas», poida axudar a paliar da forma máis rápida posible as consecuencias deste fenómeno meteorolóxico.

#### 1.3.1. Definición dos niveis de circulación

A partir dos códigos de vialidade invernal utilizados pola Dirección Xeral de Tráfico, establécense catro niveis de circulación segundo o estado da vía e as condicións do tráfico.

##### 1.3.1.1. Nivel Verde: PRUDENCIA

- **Descrición do perigo:** Comeza a nevar. Aínda que a circulación non se ve afectada, convén ser prudentes. Recoméndase non superar os 100 km/h. en autoestradas e autovías e os 80 Km/h. no resto de estradas. Os camións deben circular polo carril da dereita e non adiantar.
- **Qué facer:** Atención aos partes meteorolóxicos. Especial prudencia en zonas altas e húmidas de montaña e en noites de ceos despexados, polas posibles placas de xeo. En pouco tempo pódese pasar a nivel amarelo.



#### 1.3.1.2. Nivel Amarelo: PRECAUCIÓN

- **Descrición do perigo:** Neve na calzada. Empézase a cubrir o firme de neve. A circulación de camiós e vehículos articulados está prohibida. Os turismos e autobuses non poderán superar os 60 Km/h.
- **Qué facer:** Diminuír a velocidade. Especial coidado en curvas e tramos inclinados. Evitar manobras bruscas e aumentar a distancia de seguridade. Se non se levan cadeas, roupa de abrigo e outros elementos necesarios, parar na poboación ou área de servizo máis próxima.

#### 1.3.1.3. Nivel VERMELLO: DIFÍCIL

- **Descrición do perigo:** Calzada cuberta de neve. Só se pode circular con cadeas ou pneumáticos especiais e a unha velocidade máxima de 30 km/h. Esta situación dáse con máis frecuencia en portos de montaña. Prohíbese a circulación de vehículos articulados, camiós e autobuses.
- **Qué facer:** Suspender a viaxe. Non esperar a quedar inmovilizado para pór as cadeas e non parar en lugares onde se obstaculice o paso. Circular sempre polo carril da dereita, deixando libre o carril de adiantamento. Buscar refuxio na poboación ou área de servizo máis próxima.

#### 1.3.1.4. Nivel Negro: INTRANSITABLE

- **Descrición do perigo:** Calzada intransitable. Ningún vehículo pode circular. Córrese o risco de permanecer inmovilizado na estrada durante un longo período de tempo.
- **Qué facer:** Evitar este tipo de rutas. En caso de inmovilización, chamar ao 112 e seguir as súas instrucións.

#### 1.3.2. Medidas de actuación

En todo Plan de actuacións para a Xestión do Tráfico, deben incluírse as medidas que se levarán a cabo nas diferentes fases de actuación da estratexia a desenvolver. A posta en marcha de cada unha delas, así como o seu ámbito de aplicación, dependerá da gravidade da situación e dispoñibilidade de medios para levalas a cabo.

- a) **Establecemento e actualización dos puntos de información:** Cando se reciban partes meteorolóxicos de previsión de nevadas, estableceranse os puntos informativos dende os que se difundirá aos condutores a información relevante. Os puntos de información aos cales irán dirixidas as mensaxes para a súa difusión por diferentes medios (radio, televisión, correo electrónico, fax, twitter, aplicación APP da DXT, etc.) poderán ser: Puntos de concentración de vehículos, Paneis de Mensaxe Variable, etc.



- b) **Situación e activación de puntos de control:** Instalaranse controis selectivos para deter, obrigar a retroceder, tomar desvíos obrigatorios ou recomendar itinerarios alternativos a todos aqueles vehículos contemplados na fase de operación. Ademais, neles verificarase que os restantes vehículos dispoñen das condicións mínimas para poder circular polos tramos de estrada afectados pola neve (cadeas, pneumáticos especiais, etc.). A situación dos puntos de control dependerá da zona e estradas afectadas pola nevada.
- c) **Restricións de circulación e estacionamento de vehículos:** As restricións á circulación poden consistir en limitación de velocidade, prohibición de adelantamento ou prohibición de circulación. Estas medidas aplicaranse cando xa comezou a nevar. Cando sexa necesario evitárase a circulación e acumulación de vehículos nos laterais das estradas, enviándoos aos puntos de estacionamento situados en lugares dotados de aparcadoiros e servizos suficientes. En cada caso determinarase que vehículos deben dirixirse obrigatoriramente aos devanditos estacionamentos.
- d) **Emprego de cadeas:** uso de cadeas virá determinado polo estado da estrada. En xeral as Forzas de Vixilancia de Tráfico indicarán en que momento comeza a ser necesario tal uso. Cabe destacar que os vehículos equipados con pneumáticos de inverno teñen o mesmo tratamento que os que levan cadeas segundo o Regulamento xeral de vehículos.

**Figura 1.13: Emprego de cadeas con neve na estrada**



- e) **Peche de carrís / Alternancia na utilización de calzadas:** En vías con varios carrís para cada sentido de circulación, para evitar que a calzada quede



bloqueada por vehículos que non poden continuar a súa marcha debido á neve acumulada, procederase a pechar o carril esquerdo cando este se empece a cubrir de neve. Os vehículos continuarán circulando polo carril aberto e, cando o carril sexa limpado, volverase abrir á circulación ata que comece a cubrirse de novo e sexa necesario pechalo outra vez. Desta forma permitirase manter en todo momento polo menos un carril aberto para facilitar o acceso de máquinas quitaneves e para facilitar a retirada de vehículos que quedasen bloqueados na calzada. Por outra parte, en estradas con calzadas separadas para cada sentido de circulación, esta medida implica o paso do tráfico dunha a outra co obxectivo de salvar unha zona afectada. Esta medida levarase a cabo cando a calzada quede totalmente bloqueada e non exista un itinerario alternativo para desviar a circulación. Tamén poderá levarse a cabo cando, polas características da mercadoría transportada ou perigo derivado do incidente, resulte conveniente ou obrigatorio que o resto dos condutores non circule próximo á zona afectada.

- f) **Formación de convois ou caravanas:** A formación de convois ou caravanas realizarase cando:
- Haxa que sacar os vehículos almacenados nas zonas de estacionamento para que se incorporen de novo á circulación.
  - Por estrita necesidade, sexa necesaria a circulación dun determinado tipo de vehículo debido á especificidade da súa carga.

Figura 1.14: Convoi de camións



- g) **Peche da calzada:** Pecharase a calzada cando o nivel de circulación sexa NEGRO é dicir, a estrada está impracticable e non é posible a circulación.

**Figura 1.15: Estrada pechada por neve.**



#### **1.4. Medios de previsión e alerta dos fenómenos meteorolóxicos**

Como xa antes se indicou, un dos principios básicos nos que debe sustentarse a xestión do mantemento invernal das estradas para que sexa eficaz é coñecer con suficiente antelación o momento en que se van producir os fenómenos meteorolóxicos.

As vantaxes que supón dispoñer duns medios axeitados de previsión e alerta son, entre outras, as seguintes:

- Fai posible aplicar ao seu debido tempo os tratamentos preventivos.
- Permite alertar con suficiente antelación a todo o persoal.
- Fai posible iniciar os traballos cando empezan os fenómenos meteorolóxicos.
- Permite adoptar medidas previas para regular debidamente a circulación, tratando de evitar retencións, por exemplo suspendéndose temporalmente a circulación de vehículos pesados, particularmente os articulados.
- Posibilita informar os usuarios para que elixan o modo de transporte e o horario de viaxe máis conveniente ou utilicen itinerarios alternativos.
- Permite un aforro de custos á hora de facer fronte a un episodio de meteoroloxía adversa.

Os métodos de previsión aos que normalmente se recorre no mantemento invernal e na xestión do tráfico son as previsións meteorolóxicas nacionais, rexionais e locais e a análise do microclima mediante estacións meteorolóxicas. Os medios de alerta normalmente son os equipos ITS (Intelligent Transport Systems) dos Centros de Xestión do Tráfico, as patrullas de axentes da Agrupación de Tráfico da Garda Civil, o persoal dependente dos titulares das vías e observadores acreditados coñecedores da zona.

Así, mediante a información recibida dos equipos ITS dos Centros de Xestión do Tráfico, a DXT consolidou diferentes sistemas de emisión automática de Avisos e



Alarmas encamiñadas a garantir a máxima coordinación cos organismos implicados e a máxima información aos usuarios das vías. Deste modo, en función do lugar xeográfico (tramos de vías afectados) xéranse de xeito automático mensaxes de avisos/alarmas e, ao mesmo tempo, tamén se envían de xeito automático vía correo electrónico e/ou fax a tódolos destinatarios. Todos estes avisos/alarmas son froito dos anos de experiencia adquiridos nos diferentes episodios de meteoroloxía adversa acaecidos, de maneira que se aplican unha serie de algoritmos propios.

Os avisos/alarmas van destinados fundamentalmente a Delegacións e Subdelegacións do Goberno, Xefaturas Provinciais de Tráfico, Agrupación de Tráfico da Garda Civil, Axencia Estatal de Meteoroloxía, Demarcacións de Estradas do Estado, Protección Civil do Estado, Policía Nacional e Unidade Militar de Emerxencias.

#### 1.4.1. Información da Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET)

No ano 1996 o entón Instituto Nacional de Meteoroloxía (na actualidade Axencia Estatal de Meteoroloxía) elaborou o “Plan de Predición e Vixilancia dos Fenómenos Meteorolóxicos Adversos”. Este Plan, que foi desenvolvido en estreita colaboración coa Dirección Xeral de Protección Civil e as Unidades de Protección Civil dos Gobernos Autonómicos, pretende dar a mellor información dispoñible sobre as posibilidades de aparición de fenómenos meteorolóxicos adversos ou ben da súa ocorrencia real en calquera punto do territorio nacional e en calquera época do ano.

No devandito Plan establécese o procedemento de difusión dos boletíns de predición meteorolóxica do I.N.M, entre os órganos de protección civil e outros organismos e empresas de servizos públicos. Estes boletíns son de tres tipos:

1. **Boletíns de predición a medio prazo:** Estes Boletíns son emitidos polo I.N.M cando se esperen precipitacións de neve que superen os seguintes albores:

h: Altitude (m)	Espesor de neve (cm/24h)
$0 < h \leq 200$	> 2
$200 < h \leq 800$	> 5
$800 < h \leq 1.200$	>10

2. **Boletíns nacionais e rexionais de curto e moi curto prazo:** Son emitidos directamente polos Centros Meteorolóxicos Territoriais e difundidos por estes a nivel rexional. Os albores para a xeración destes boletíns varían en cada unha das Comunidades Autonómicas.
3. **Boletíns rexionais e nacionais de información de fenómenos observados:** A súa finalidade é informar da aparición dun fenómeno adverso non considerado con anterioridade e, discrecionalmente, cando o fenómeno sexa de grande relevancia aínda que fose previsto.

A AEMET dispón dos mellores modelos físico-matemáticos de evolución da atmosfera, absolutamente necesarios para a predición entre 6 e 48 horas así como unha complexa rede de observatorios composta, ademais dos observatorios básicos,



por radares meteorolóxicos, estacións automáticas de observación, detectores de raios e equipos receptores de imaxes de satélite.

#### 1.4.2. Estacións meteorolóxicas da DXT

A información do microclima local pode conseguirse mediante a instalación de estacións meteorolóxicas.

O seguimento da información facilitada polas estacións debe ser sistemático e continuo, co fin de poder avaliar as condicións que se produzan en cada momento e zonas máis problemáticas.

En vialidade invernal o que máis interesa coñecer é o estado da calzada. A análise deste baséase en coñecementos sobre procesos atmosféricos e físicos que afectan á fricción predominante da superficie da estrada. A choiva e a neve son as dúas causas principais dos cambios no coeficiente de rozamento da superficie da estrada.

As estacións meteorolóxicas normalmente constan dos seguintes elementos:

1. **Sensores meteorolóxicos:** As cifras baseadas na medición directa, tales como a temperatura, a humidade e datos do vento, son moi precisos. As cifras baseadas na análise da superficie da estrada, tales como a cantidade de auga, a concentración de sal e a baixada do punto de conxelación son só estimacións e poden ser imprecisos nalgúns casos polo que haberá que establecer a forquita de datos nos que é moi posible que se vaia producir xeo, e non un valor único. Os sensores que forman parte dunha estación meteorolóxica e os fenómenos meteorolóxicos que miden son:
  - **Barómetro:** Empregado na determinación da presión atmosférica.
  - **Anemómetro:** Empregado para medición da compoñente horizontal da velocidade do vento.
  - **Catavento:** Empregado na medición da dirección do vento.
  - **Pluviómetro:** Empregado para medir a cantidade de precipitación caída.
  - **Sensor de calzada:** Empregado para a medición continua dos distintos parámetros presentes na superficie da calzada como: temperatura, punto de conxelación, altura de película de auga, presenza de neve, etc.
  - **Visibilímetro:** Empregado para medir o alcance visual.
  - **Detector de tipo de precipitación:** É capaz de discernir a natureza da precipitación entre as seguintes: ningunha, choiva, aguaneve, neve e sarabia.
  - **Sensores de temperatura e humidade.**
  - **Piranómetro:** Serve para medir a enerxía emitida polo sol por unidade de área.

Os sensores de calzada deben instalarse na calzada, mediante unha perforación, de maneira que non sobresaia non cree ocos na superficie desta. Para a súa alimentación e comunicación coa estación debe





- realizarse unha canle na calzada. A experiencia bota como unha situación idónea destes sensores o centro do carril dereito, que é aquel polo que, en situacións de nevadas, circula a maior parte dos vehículos. A instalación en beiravía debe evitarse posto que falsea de forma importante as medicións.
2. **Estación de toma de datos:** Onde se recollen os datos meteorolóxicos rexistrados polos diferentes sensores meteorolóxicos.
  3. **Rede de transmisión de información:** Por medio da cal os datos rexistrados envíanse ao Centro de Control.
  4. **Centro de Control:** Onde se recibe e analiza a información, normalmente a través de ordenador. Para poder analizar os datos e prever a evolución do tempo meteorolóxico, necesítase certa experiencia e algúns coñecementos sobre a materia.

**Figura 1.16: Estación meteorolóxica da DXT**




A partir das gráficas de temperaturas e a experiencia adquirida detéctase en que lugares é necesario estender fundente. Na seguinte imaxe móstrase un exemplo práctico de análise de fundente:






Figura 1.17: Medicións de temperatura de superficie e temperatura de conxelación dunha estación meteorolóxica




Ante a existencia de neve e/ou xeo na calzada, dependendo da cantidade de fundente esparescida a velocidade dos vehículos vese afectada.

Figura 1.18: Estado do pavimento en función das variables meteorolóxicas



Na seguinte imaxe pódese ver o estado da superficie de acordo á cantidade de auga engadida polo fenómeno de xeo ou neve. Neste gráfico tamén se poden ver os limiares da temperatura de conxelación necesaria para garantir a seguridade da circulación viaria. Pódese comprobar que xa desde o mesmo estado de superficie MOLLADO podemos afirmar que non hai suficiente sal ante determinadas condicións nas variables Tª de Conxelación e % Sal, situacións que empezan a traducirse nun aumento do risco na circulación. Finalmente, o estado NEVADO e/ou XEADO é consecuencia da falta de cumprimento dos limiares anteriores, e proporciona unha clara evidencia de falta de fundente na superficie e un alto risco de sufrir accidentes de tráfico severos.

Figura 1.19: Estado do pavimento en función da temperatura de conxelación e da porcentaxe de sal (ou fundente)



## 2. Introducción á xestión do risco no ámbito da xestión do tráfico

Na actualidade un dos piares sobre os que descansa o funcionamento da sociedade nos inicios do século XXI é o sistema de transporte. A análise das consecuencias de recentes catástrofes con múltiples vítimas, por causas naturais (terremotos e tsunamis) ou por actos terroristas (Nova York, Moscova, Madrid ou Londres desde o 11-S) puxo de manifesto que as infraestruturas e o conxunto de elementos relacionados coa mobilidade e o transporte son, por unha parte, esenciais para actuar sobre as súas



consecuencias, pero por outra parte, tamén se constituíron en si mesmos en puntos moi sensibles á hora de contabilizar os impactos dunha catástrofe.

Os contornos relacionados coa mobilidade supoñen grandes concentracións humanas en áreas reducidas (estacións, túneles, trens, autobuses, etc.) á vez que no proceso de transporte dáse unha falta de protección individual e de autodefensa como consecuencia da situación “in itinere” da persoa.

Ademais da repercusión social ou política, que resulta evidente, a actualidade expón un desafío que nos últimos anos fora ignorado por técnicos e políticos: a necesidade de compaxinar equilibradamente os custos que supón garantir a seguridade do sistema de transporte, e os custos de todo tipo (custos de perda de competitividade, custos de produción, custos humanos, etc) que aparecen cando ese sistema de transporte deixa de funcionar aínda que só sexa parcial, temporalmente ou de forma degradada, por outro.

A continuación describíense algúns conceptos previos referentes aos riscos e emerxencias:

- **Risco**, medida da probabilidade e severidade dun evento que ten efectos adversos sobre a vida humana, a saúde, a propiedade ou o medio ambiente. É estimado mediante a combinación das esperanzas matemáticas, dos escenarios, probabilidades de ocorrencia e as súas consecuencias.
- **Fiabilidade**, probabilidade de que un sistema realice adecuadamente a función para a que foi deseñado, durante un período de tempo determinado e baixo unhas condicións concretas. A súa probabilidade complementaria é a *probabilidade de fallo do sistema*.
- **Incerteza**, calquera situación ou feito do cal non se posúe certeza. Pode estar descrita por unha distribución de probabilidade ou non:
  - **Incerteza natural obxectiva ou aleatoria**: relacionada coa aleatoriedade inherente aos procesos físicos tanto no tempo como no espazo.
  - **Incerteza epistémica ou subxectiva**, asociada á limitación da información e do coñecemento exacto da realidade. E cabe falar, por unha banda, da incerteza relativa ao modelo utilizado para describir o proceso físico e, por outro, á vinculada aos parámetros ou variables (erros de lectura, inferencia de valores procedentes de ensaio, etc.).
  - **Incerteza na toma de decisións**: a relacionada co limitado coñecemento sobre o estado do sistema analizado.
- **Sistema**, conxunto de elementos ou compoñentes discretos que están organizados e combinados de tal maneira que desempeñan unha función ou tarefa.
- **Escenario**, no contexto dun sistema determinado, trátase dunha combinación única de estados. Neste sentido, poden considerarse escenarios de demanda, escenarios de resposta, etc.
- **Identificación de risco (risk identification)**, proceso polo que se determina que é o que pode conducir a un fallo do sistema, por que e como.



- **Estimación de risco (risk estimation)**, proceso polo que se cuantifican os compoñentes do risco, isto é, a probabilidade de fallo e as consecuencias asociadas ao mesmo.
- **Análise de risco (risk analysis)**, utilización da información dispoñible para estimar o risco que sobre persoas, propiedades ou medio ambiente pode ter calquera evento cun potencial para causar danos. Realízase seguindo unha serie de pasos sistemáticos dende a definición do alcance da análise, pasando pola identificación de eventos ou escenarios susceptibles de provocar danos, ata a estimación do risco.
- **Avaliación do risco (risk evaluation)**, proceso encamiñado a examinar e xulgar a importancia do risco estimado á luz da normativa vixente.
- **Declaración de risco (risk assessment)**, proceso mediante o que se decide por unha banda, se os riscos existentes son tolerables e, por outro se as medidas de control resultan adecuadas.
- **Xestión do risco (risk management)**, aplicación sistemática de políticas procedemento e accións encamiñadas a identificar, analizar, declarar, controlar e medir o risco.

Considéranse emerxencias a situacións problemáticas de carácter global que necesitan unha importante coordinación con diferentes organismos. A grande maioría destas situacións teñen afección directa sobre o sistema viario: evacuación de grandes recintos (estadios, aeroportos, etc), desastres naturais (inundacións, terremotos, incendios, ...), evacuación de grandes áreas (emerxencias nucleares)... Nestas situacións de emerxencia resulta indispensable, tanto o movemento de vehículos para a evacuación de persoas como o acceso dos medios de auxilio e de persoal especialista, a través de rutas de emerxencia, ás zonas afectadas.

Existe unha metodoloxía a seguir para analizar os riscos que pode resumirse da seguinte fórmula:

$$R = O_u \times V \times I$$

(R= Risco,  $O_u$ = probabilidade de que **O**corra, V = Vulnerabilidade, I = Importancia).

O incremento numérico das catástrofes naturais reportadas nos últimos anos, de vinculación cuestionada co posible cambio climático, e actos terroristas en occidente que obrigan aos Estados a tomar medidas que traten de previr tanto os efectos destas grandes emerxencias, como minimizar e remediar os danos que estes causan. E sen esquecer outro tipo de eventualidades máis frecuentes que pola súa transcendencia poderían chegar a converterse en auténticas catástrofes.

Neste sentido cabería clasificar os riscos en tres niveles: Riscos estratéxicos, riscos ambientais e riscos operacionais. E as actuacións en catro categorías:

1. **Prevención**, relacionada coa enxeñaría civil, que debe proporcionar infraestruturas que soporten situacións ata agora non previstas e que xa

conta con respostas moi valiosas, no control dos danos de determinadas situacións, como son as construcións e a súa resistencia aos movementos sísmicos en California e en Xapón.

2. **Detección e disuasión**, a correspondente política de vixilancia que cae de cheo dentro das responsabilidades das Autoridades e que obviamente deben ser obxecto dunha nova perspectiva e de maior coordinación.
3. **Intervención**, a posta en marcha de novos servizos de emerxencia que estean en condicións de responder coa maior eficiencia posible, á hora de paliar os resultados destas catástrofes.
4. **Comunicación e Información**, contar cunha infraestrutura de coordinación informativa que permita, a cada unha das administracións e axentes involucrados, coñecer de forma uniforme e suficiente, as características da situación a afrontar. Só así se pode proceder de forma racional na asignación dos recursos das forzas de rescate e optimizar as reais capacidades para as que cada unha das forzas dispoñibles están dotadas.

### 3. A xestión de riscos e o sistema de transporte por estrada

En calquera evento inesperado total ou parcialmente que pon en risco a seguridade e o habitual funcionamento dun Estado, máis aló das tarefas que poidan realizarse mediante vehículos aéreos, o sistema viario, cuxa capilaridade é practicamente total xa sexa coa rede principal ou con redes de niveis de servizo menores (ex. rede de camiños), debe responder a necesidades esixentes para garantir a fluidez do tráfico, o acceso de vehículos de emerxencia, a evacuación de emprazamentos, o acceso de especialistas, etc.

No caso de España, xa sexan eventos adversos meteorolóxicos ou naturais en xeral como o terremoto de Lorca, inundacións/riadas, incendios forestais, etc, ou riscos antropoxénicos derivados da actividade humana, como os atentados terroristas, tanto de ETA (ex. Hipercor, T4 Aeroporto de Baraxas, etc), como islamitas como os do 11-M (rede ferroviaria), puxeron de manifesto, a necesidade de renovar e adaptar constantemente a metodoloxía de abordar a planificación, o deseño, a construción e a xestión e explotación das redes de infraestruturas e de todos e cada un dos elementos funcionais do sistema de transporte, así como a necesidade de lubricar as articulacións entre organismos públicos entre si e a destes coa cidadanía.

A enxeñaría civil prevé normas e regulacións relativas á seguridade de infraestruturas como centrais de produción enerxética, presas, aeroportos, ou mesmo pontes ferroviarias, e con todo no caso da rede viaria, a xestión de riscos non está prevista nin sequera baixo un enfoque xeral.



A continuación destácanse as diferenzas entre un enfoque tradicional de Xestión de Riscos e un Enfoque moderno e completo:

**Táboa 3.1: Modelos de xestión do risco**

<b>TRADITIONAL RISK MANAGEMENT (TRM) VS ERM: DIFERENZAS ESENCIAIS</b>	
<b>XESTIÓN DO RISCO TRADICIONAL</b>	<b>ERM (ENFOQUE MODERNO E COMPLETO)</b>
Riscos asociados a perigos concretos	Risco no contexto de estratexia de negocio
Identificación e avaliación de riscos	Desenvolvemento de xestión de riscos en bloque (portfolios)
Riscos concretos	Riscos críticos
<b>Mitigación de riscos</b>	<b>Optimización de riscos</b>
Límites de riscos	Estratexia de riscos
<b>Riscos sen responsables</b>	<b>Definición de responsables do risco</b>
<b>Os riscos non son responsabilidade de ninguén</b>	<b>Os riscos son responsabilidade de todos</b>

Dende o punto de vista do sistema de transporte por estrada hai que ter en conta a consideración dos riscos que afectan o sistema dende o mesmo momento da planificación da rede e o deseño da infraestrutura ata a xestión do tráfico co fin de minimizar as consecuencias das posibles incidencias ou sinistros como xeradoras de atrasos e demoras aos usuarios a nivel individual ou xeral, así como o seu impacto económico sobre o conxunto do sistema e non só os derivados da reposición da infraestrutura danada.

Á hora de abordar a análise dos riscos hai que establecer diversos niveis:

- Segundo o ámbito da rede:** Parece claro que a repercusión dunha incidencia non é a mesma si afecta á rede de interese xeral do Estado ou se sitúa no ámbito metropolitano dunha grande cidade, que si ocorre nunha vía secundaria dunha zona rural con baixa poboación e con pequena afección á actividade económica. Esta evidencia pon de manifesto a necesidade de establecer a priori ou como primeiro punto da análise unha **xerarquización da rede e mapas de accesibilidade/evacuación a/de puntos de potencial risco**.

- b) **Estratéxico:** É necesario establecer en todas as fases dende a planificación á explotación todas aquelas condicións que garantan que o sistema terá un certo nivel de tolerancia ante as incidencias ou sinistros que puidesen producirse.
- c) **Táctico:** A partir dunha hipótese de risco adoptada, han de **establecerse as opcións viables de absorber a demanda** mediante medidas de enrutamento que poden ter carácter local, é dicir, en torno ao lugar no que se produciu a incidencia ou ben de longa distancia, así como calquera outra que permita a xestión da demanda.
- d) **Operativo:** Unha vez determinadas as medidas que poden aplicarse a cada hipótese concreta de risco, ha de analizarse o **conxunto de actuacións a levar a cabo para a implantación práctica da maneira máis rápida posible**, desas medidas, e fundamentalmente a cadea ou secuencia que debe seguirse para facelo posible.
- e) **Protección de infraestruturas críticas:** Determinados elementos singulares da rede, como pontes ou túneles, son considerados críticos, tanto pola repercusión sobre o conxunto do sistema que pode ter o feito de que queden fora de servizo, como polo custo económico e en tempo que pode requirir a súa restauración ás condicións iniciais. En consecuencia, estes elementos críticos deben analizarse de forma que ante unha incidencia, sinistro ou atentado terrorista, se produza unha degradación mínima nas prestacións, neste caso a **análise adoita centrarse tanto na identificación da vulnerabilidade como no establecemento de medidas defensivas, e en medidas alternativas de enrutamento.**

En calquera caso, xunto coa xerarquización da rede, é indispensable cuantificar ante cada hipótese de risco cal será a poboación afectada e por tanto estimar a demanda de mobilidade que provocará, para así estimar custos e accións ao efecto. E, a continuación, estimar a contía da demanda que non pode ser absorbida polo resto do sistema. Finalmente, hai que considerar a posibilidade de satisfacer esta parte da demanda a través de medidas temporais de carácter extraordinario que poden implicar a outros modos de transporte (por exemplo, reforzando os servizos ferroviarios para o transporte de persoas e mercadorías ao longo do corredor afectado ou habilitando expedicións de servizos aéreos).

Desde logo a fiabilidade da rede debería ser o criterio máis importante na fase de planificación. Con todo e, como xa se dixo, **nos plans de estradas que se elaboraron no noso país ata o momento, este aspecto non foi tido en conta.** A opinión pública tampouco é consciente da súa relevancia. E a súa repercusión económica é decisiva porque a rede debe seguir funcionando aínda que sexa en modo degradado ante o posible erro dalgunha das súas infraestruturas críticas.

A diferenza entre a planificación táctica e a planificación operativa é que a primeira se realiza con certa antelación da orde de semanas e trabállase con datos medios dos parámetros de tráfico e sen entrar na repercusión da distribución en



niveis temporais das medidas que poidan adoptarse. Pola contra, na segunda, a actuación ha de ser inmediata, os datos que se utilizan han de incluír os valores en períodos curtos, da orde da hora, e ha de valorarse a orde no que as distintas medidas han de aplicarse tendo en conta a súa repercusión na absorción da demanda, o prazo de tempo necesario para a súa implantación e o seu custo.

#### 4. Clasificación e descrición dos riscos principais na xestión do tráfico en España

A identificación dos riscos non é un proceso sinxelo. En xeral, os riscos ambientais naturais son máis fáciles de identificar e codificar en magnitude e frecuencia de ocorrencia. Os riscos ocasionados polo home son máis difíciles de identificar, e dado que adoitan estar asociados a accións ilegais e terroristas, só poden predicirse grazas a servizos policiais de intelixencia. No contexto da seguridade nacional, a análise de vulnerabilidade de infraestruturas críticas e o seu deseño robusto son área de indubidable interese

No caso do sistema de transporte por estrada español a situación é preocupante polos seguintes ingredientes:

- A. O desinterese dos actores implicados na planificación, deseño e construción de infraestruturas. (“o que non é obrigatorio por unha norma, non debe terse en conta”).
- B. Os problemas organizativos, derivados da complexa arquitectura administrativa do noso país que resulta nunha distribución competencial complexa, confusa e ineficiente, e a insuficiencia de medios dos actores responsables da intervención.
- C. A inexistencia dunha única canle de comunicación da información que vincule a todas as administracións, organismos e entidades que interveñen nunha situación de crise non só públicas senón mesmo do sector privado.

##### 4.1. Riscos naturais

1. **Corrementos de terra e desprendementos.** Aínda que este tipo de riscos son ben coñecidos, analizados e abordados con ocasión da construción de infraestruturas viarias e non formularon situacións críticas para zonas habitadas ou para os usuarios, si é certo que en determinados momentos poden ocasionar graves perturbacións no sistema de transporte: O escorregamento de parte dun terraplén na A-3 pk 40 (Perales de Tajuña, Madrid), a autovía que enlaza a costa mediterránea co centro peninsular, ocasionou o peche da vía durante varias semanas en 2003. A habilitación dun desvío nas proximidades permitiu paliar as consecuencias, pero non evitou que o transporte especial e as actividades industriais ligadas a el visen alteradas a súa actividade de maneira decisiva e case nefasta.





Figura 4.1: Desprendemento dun noiro en estrada



2. **Terremotos e erupcións volcánicas.** Do mesmo xeito que no punto anterior, existen normas claras para o deseño e a construción de estradas. Con todo, os danos ocasionados en edificios no recente terremoto de Lorca (2011), obxectivamente un movemento sísmico de baixa intensidade, puxeron de manifesto que, ou ben a normativa é insuficiente, ou ben o seu cumprimento deixa moito que desexar. Certamente as infraestruturas próximas, en particular unha ponte e un túnel consecutivos na autovía A7, non sufriron graves danos (unha das calzadas estivo sempre operativa e na outra apareceron leves danos que permitiron pola en servizo nun prazo de 24 horas), o que pon de manifesto que neste tipo de infraestruturas as normas cúmprense. Nos últimos anos realizáronse algúns estudos sobre o risco de tsunamis nas costas españolas, pero non debería esquecerse que é numerosa a poboación nativa e foránea que se concentra nelas e a situación física das vías de acceso a devanditas zonas, potencialmente sometida á acción do mar e cuxa altitude é en moitas ocasións negativa.
3. **Tormentas con fortes choivas, Inundacións e avalanchas.** Os efectos derivados do réxime de precipitacións no noso país son ben coñecidos. Con todo, este risco non foi tomado en consideración suficientemente no marco das políticas de ordenación do territorio e planificación urbanística. O Cámping de Biescas ou as frecuentes inundacións no Levante como consecuencia de episodios de “gota fría” pono de manifesto. Ademais en certas ocasións as estradas e outras infraestruturas lineais convertéronse en barreiras ao desaugadoiro natural converténdose en auténticas presas,

como se evidenciou durante a pantanada de Tous como consecuencia da acción de contención dos terrapléns da A-7.

Figura 4.2: Inundación de estrada



